

## GC-13T-02-01-13 XESTIÓN DE INCIDENCIAS PARAMÉTRICAS

Os valores paramétricos seleccionáronse para que as augas destinadas ao consumo humano poidan consumirse con seguridade durante toda a vida e representen, por tanto, un alto nivel de protección da saúde. Baseándose nos coñecementos científicos dispoñibles e tendo en conta o principio de precaución.

A contaminación química das augas de consumo, a diferenza da contaminación microbiolóxica, non adoita orixinar cadros agudos ou manifestacións clínicas a curto prazo, con todo, pode ter carácter acumulativo e implicar, en función do tipo de substancia ou composto químico de que se trate, un risco ou perigo para a saúde, polo seu potencial efecto tóxico, carcinógeno, teratógeno, mutaxénico, alerxénico e disruptor endocrino, entre outros.

Tamén hai ocasións nas que hai poboación máis sensible a protexer. Por exemplo, nitratos/nitritos, que se asocian coa metahemoglobinemia en lactantes alimentados con biberón, aos que podería afectar múltiples exposicións nun período corto.

A normativa de augas de consumo contempla unha serie de parámetros a controlar. A superación do valor límite establecido advirte da existencia dalgunha anomalía ou contaminación e, en consecuencia, é necesario investigar a causa e aplicar con carácter inmediato a medida ou medidas correctoras que correspondan.

Considérase incidencia paramétrica, a superación dos valores paramétricos dos parámetros do anexo I ou dos valores de referencia dos parámetros da Lista de observación (aínda que non estea confirmada).

No caso da superación de valores paramétricos excepcionados pola Consellería de Sanidade, terase en conta o novo valor paramétrico na situación de excepción.

No caso de superación dos valores paramétricos de substancias radioactivas estarase ao previsto no artigo 23 e no anexo VI.

Atendendo ao criterio xeral, o fin do control operacional é facilitar ao operador unha visión rápida da eficacia do tratamento e dos problemas da calidade da auga, permitindo unha acción correctora rápida previamente planificada.

Equipararíanse a un control interno do tratamento. Os boletíns débense subir ao SINAC pero non cualifican a auga e os parámetros analizados no control operacional non xeran incidencias.

Do mesmo xeito as incidencias tipo O (parámetros da lista de observación) non necesita de confirmación xa que o valor que se supera é de referencia e non paramétrico. Nestes casos hai que avisar á autoridade sanitaria, á autoridade hidrolóxica e analizar o parámetro atendendo ao recollido no artigo 26 do Rd 3/2023.

Ante a presenza na auga de outros microorganismos, parasitos ou substancias nunha cantidade ou concentración que poidan supor un risco para a saúde humana (art 6.1), actuarase do mesmo xeito que nas incidencias paramétricas.

*A incidencia permanece activa dende a súa detección ata que a autoridade sanitaria a pecha (tendo en conta o recollido no apartado 1 deste documento en canto a incidencias non confirmadas).*

*Unha incidencia paramétrica á súa vez pode ser tamén un incumprimento, sempre que a incidencia sexa confirmada ou se non se ten feito a recollida para a contranálise obrigatoria logo das 24h da súa detección.*

A cualificación dunha mostra non reflicte en ningún caso a situación sanitaria xeral da auga distribuída por un abastecemento. Esta deberá ser determinada, en cada caso, despois dunha valoración sanitaria e avaliación de risco por parte da xefatura territorial de sanidade, de acordo cos criterios recollidos neste documento, que establecerán o alcance da incidencia.

## 1 CONFIRMACIÓN DA INCIDENCIA

Sempre que se detecte unha incidencia analítica na calidade da auga, ben polo operador, ben polo municipio ou polo titular da actividade pública ou comercial, deberá procederse á súa confirmación, efectuando outra toma de mostra no mesmo punto de mostraxe e naquéloutros que este estime necesario, nas 24 horas seguintes á detección da incidencia.

*Con todo, se o operador, o municipio ou o titular da actividade pública ou comercial responsable do abastecemento consideran que a incidencia implica un risco moi grave para os consumidores, deberán tomar medidas preventivas urxentes, tales*

*como prohibición de subministración, prohibición de consumo, limitación de uso, subministración alternativa de auga, comunicación a outros operadores e concellos implicados, etc.*

*Se na mostra de confirmación o valor ou valores paramétricos que motivaron a incidencia se atopan dentro dos límites establecidos no Anexo I do Rd 3/2023, darase por pechada a incidencia.*

Se pola contra, se confirma a incidencia, o operador, o titular da actividade (no caso dunha actividade pública ou comercial) ou o municipio (no caso de domicilios particulares), investigará inmediatamente as causas e aplicará as medidas correctoras e/ou preventivas necesarias co fin de garantir que se corrixe a desviación observada nos valores dese parámetro, e notificará a incidencia segundo as instrucións do punto 2.

Cando existan incidencias sobre a calidade da auga na instalación interior de vivendas, a administración local dará as recomendación necesarias aos propietarios sobre as medidas a adoptar para reducir ou eliminar os incumprimentos dos valores paramétricos.

As incidencias detectadas polas xefaturas territoriais de sanidade no ámbito das actividades de vixilancia sanitaria, serán comunicadas ao operador do abastecemento, ao municipio responsable do abastecemento e ao titular da actividade pública ou comercial onde se detectou, para que, de forma inmediata, se proceda á toma de mostras para a súa confirmación ou non. (Modelo F-13T-02-01-04).

Adicionalmente as XXTT poderán decidir realizar as mostras de confirmación que estimen necesarias.

## 2. NOTIFICACIÓN DA INCIDENCIA E MEDIDAS ADOPTADAS TRALA SÚA CONFIRMACIÓN

A notificación no SINAC, debe realizarse nos 4 días seguintes á elaboración do informe dos resultados analíticos; coas seguintes excepcións:

- se se trata de incidencias nos parámetros do anexo 1 A (microbiolóxicos)
- ou se o operador, o municipio ou o titular da actividade pública ou comercial responsable do abastecemento consideran que a incidencia implica un risco grave para os consumidores,

Nestes casos a notificación será *inmediata* e realizarase logo da detección sen agardar á confirmación.

*Ademais de a través do SINAC, o que a detecte, notificará as incidencias confirmadas por REXEL e correo electrónico, de xeito inmediato e antes de 24 h, nos seguintes casos:*

- *se consideran que a incidencia implica un risco grave para os consumidores*
- *ou se a mostra clasifica como non apta para o consumo,*

*no resto dos casos considerase suficiente a notificación ao SINAC*

*A comunicación farase a través do Rexistro electrónico á xefatura territorial de sanidade correspondente e tamén por correo electrónico á dirección adecuada:*

Xefatura territorial de A Coruña: [Censos.ambiental.coruna@sergas.es](mailto:Censos.ambiental.coruna@sergas.es)

Xefatura territorial de Lugo: [sanidade.ambiental.lugo@sergas.es](mailto:sanidade.ambiental.lugo@sergas.es)

Xefatura territorial de Ourense: [xefatura.territorial.ourense@sergas.es](mailto:xefatura.territorial.ourense@sergas.es)

Xefatura territorial de Pontevedra: [sanidade.ambiental.xtpo@sergas.es](mailto:sanidade.ambiental.xtpo@sergas.es)

Os datos que figurarán nesa comunicación son:

- Datos do operador
- Laboratorio
- Zona de abastecemento e infraestruturas afectadas
- Características da incidencia (punto de mostraxe, data, motivo que o causou, parámetros e valores cuantificados)
- Medidas correctoras e preventivas previstas (con prazos)
- Proposta de comunicación para transmitir aos consumidores, de ser o caso.

### 3 VALORACIÓN SANITARIA DA SITUACIÓN

Unha vez recibida a comunicación da incidencia, a xefatura territorial de sanidade da provincia correspondente comprobará, no seu caso, se son adecuadas as medidas correctoras e preventivas inmediatas adoptadas.

A autoridade sanitaria, a proposta do operador e trala avaliación do risco, ordenará a adopción das medidas máis adecuadas, que poderán consistir en restrinxir o uso da auga, prohibir o seu subministro ou aplicar técnicas de tratamento apropiadas para modificar a natureza ou as propiedades da auga antes do seu subministro, co fin de reducir ou eliminar o risco da incidencia e a presenza de riscos potenciais para a saúde da poboación.

A valoración sanitaria debe servir para orientar sobre a gravidade e inmediatez dos potenciais efectos na saúde dos usuarios, e realizarase considerando os seguintes factores:

- Poboación abastecida (número de usuarios)
- Datos sobre a posible exposición dos usuarios
- Existencia de poboacións especialmente susceptibles entre os usuarios
- Tipo/ s de parámetro/ s afectados (microbiolóxico, químico, indicador...)
- Valor cuantificado para o parámetro, alcanzado na incidencia.
- Evidencia dispoñible sobre os posibles efectos na saúde.
- Histórico de resultados analíticos do parámetro, particularmente nos últimos 12 meses.
- Causas que motivaron a incidencia
- Medidas correctoras adoptadas e/ou previstas
- Evolución e tendencia da situación
- Características da zona de abastecemento
- Información adicional que conste á administración sanitaria

*No caso de incidencias de pH ou IL (parámetro indicador da parte C do anexo I do Real decreto 3/2023), as posibles desviacións do valor paramétrico non se contabilizarán como incidencias, salvo que os valores se sitúen fora do intervalo de aptitude establecidos.*

## 4 MEDIDAS DITADAS POLA AUTORIDADE SANITARIA

Logo da valoración sanitaria, o xefe territorial de Sanidade da provincia correspondente, baseándose na información facilitada polo Servizo de Control de Riscos Ambientais, valorará se procede declarar un episodio de seguimento como "situación de incidencia" (apartado 4.1) ou "situación de posible risco" (apartado 4.1 e 4.2) e se é preciso informar á Subdirección xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde ou aos servizos que estime interesados. Estas declaracións remitiranse aos operadores e ao concello onde se detectou a incidencia.

No marco desta declaración dítanse as medidas máis adecuadas que se consideren necesarias para garantir a protección da saúde dos usuarios.

O operador do abastecemento deberá seguir as pautas indicadas pola xefatura territorial de sanidade da provincia correspondente en canto ás medidas correctoras e preventivas a aplicar, toma de mostras do parámetro alterado e comunicación das variacións na situación á poboación, concello e outros operadores afectados.

A xefatura territorial de sanidade fará os seguimentos que estime necesarios para comprobar que foi comunicado en prazo e da maneira adecuada á poboación, concello e outros operadores implicados, así como que se están tomando as medidas correctoras/preventivas ditadas.

De apreciarse que a incidencia detectada puidera comportar un posible ilícito penal, a autoridade sanitaria deberán notificar a incidencia á Xefatura do SEPRONA da GaRda Civil.

### 4.1 ANTE UNHA SITUACIÓN DE INCIDENCIA

A comunicación da incidencia á poboación, concello e outros operadores implicados, posterior á valoración da situación pola autoridade sanitaria realizarase tendo en conta as seguintes indicacións:

É obrigatorio que o operador/xestor, o titular ou o municipio, segundo corresponda, comunique esta situación. Empregarase o sistema de comunicación aprobado para cada caso en particular pola xefatura territorial de sanidade da provincia correspondente. Comunicarase como mínimo a seguinte información:

- Situación de "seguimento de incidencia" (ou "situación de posible risco" neste caso ver tamén o apartado 4.2)
- Calificación da auga
- Parámetro alterado e valor alcanzado.
- Área xeográfica, redes ou abastecementos afectados.
- Medidas correctoras e preventivas que se van a aplicar.
- Recomendacións sanitarias para a poboación en xeral e para os grupos de maior risco se é preciso. De ser o caso o texto para a súa transmisión será elaborado pola xefatura territorial de sanidade correspondente.
- Duración prevista.

Con respecto á comunicación á poboación de incidencias considérase válida, como norma xeral, a comunicación a través do SINAC e da páxina WEB do operador e/ou do concello.

O Sistema de Información Nacional da auga de Consumo (SINAC) permite ao consumidor consultar información xeral sobre a calidade de auga de calquera localidade que estea dada de alta no mesmo, a través da páxina web <https://sinacv2.msssi.es/SinacV2/> e dentro do acceso ao cidadán.

Aqueles abastecementos que non estean obrigados a recoller os resultados do autocontrol no SINAC, é dicir, aqueles abastecementos que distribúan menos de 10 metros cúbicos diarios como media anual, deberán informar ós usuarios afectados, dunha maneira adecuada e atendendo se fose o caso, ás indicación da xefatura territorial.

Con respecto á toma de mostras para o seguimento da situación, deberá valorarse a necesidade de que o operador incremente a frecuencia e/ou o número de puntos de mostraxe para o autocontrol dos parámetros que motivaron a incidencia, pero sempre co obxectivo de garantir que serven para verificar calquera cambio que se puidese producir no status sanitario da auga do abastecemento, por exemplo, unha vez adoptadas medidas correctoras por parte do operador ou cando se produzan circunstancias novas que poidan influír no devandito status.

A nova frecuencia de control analítico manterase ata que a xefatura territorial comunique outra frecuencia de análise ou ata que se peche a incidencia. Nestes casos o concello e o operador responsable do abastecemento, deben de comunicar os resultados analíticos, segundo as instrucións da xefatura territorial de sanidade que establecerá o prazo e vía que estime máis oportuna.

Así mesmo, como criterio xeral, a xefatura territorial de sanidade nos casos que estime necesario, poderá tomar mostras e realizar as actuacións que considere necesarias dentro da vixilancia sanitaria que realiza á auga de consumo. A codificación no acta da visita correspondera a algún dos tipos 15, 17 ou 90 segundo proceda.

Cando se comprobe que a incidencia se prolonga no tempo máis do que estimara o operador, ou que hai modificacións nalgún dos criterios utilizados para a avaliación da situación (causa que motivou a incidencia, novos parámetros afectados, valores paramétricos alcanzados, medidas aplicadas, evolución e tendencia da situación ou poboación afectada entre outros), a xefatura territorial de sanidade terá que realizar unha nova avaliación sanitaria da situación segundo o indicado no punto 3 e 4.

#### 4.2 ANTE UNHA SITUACIÓN DE POSIBLE RISCO

Consideraranse "situación de posible risco" aquelas incidencias que xeren un risco inminente e grave para a saúde. Deberán terse en conta os seguintes criterios:

- A superación do valor de aptitude dun parámetro indicador, por si só, nunca dará lugar á declaración dunha "situación de posible risco".
- Nas "situacións de posible risco" as mostras de auga serán definidas como "non apta para o consumo."
- Non todas as incidencias paramétricas, que superan o valor de alerta do SINAC, implican o inicio dunha "situación de posible risco".

No caso dunha "situación de posible risco", as medidas ditadas pola xefatura territorial de sanidade da provincia correspondente, as cales terán que adoptar os operadores para protexer a saúde dos consumidores, sempre incluírán unha ou varias das indicadas a continuación:

- Restricións de uso
- Prohibición do subministro ou do consumo



- Aplicación de técnicas de tratamento adecuadas para eliminar o perigo
- Alternativa de subministro para a poboación afectada

É obrigatorio que o operador/xestor, o titular ou o municipio, segundo corresponda, comunique esta situación á poboación, concellos e outros operadores implicados. A comunicación realizarase de *xeito inmediato e antes de 24 h* en todo caso (art. 24.d) dende a valoración como situación de posible risco. Para os casos de "situación de posible risco", a maiores das comunicacións previstas nas "situacións de incidencia", realizaranse notas de prensa para a súa difusión en medios de comunicación ou a utilización doutros medios oportunos, por exemplo colocación de bandos, comunicados de prensa, etc.

No caso de "situación de posible risco" sempre será necesario que a xefatura territorial elabore as recomendacións sanitarias para a poboación en xeral e para os grupos de maior risco. O operador en coordinación coa autoridade sanitaria, transmitirán as recomendacións sanitarias para a poboación, ou grupos de poboación para os que a superación do valor paramétrico puidera representar un risco para a saúde; actualizando periodicamente o asesoramento necesario aos usuarios sobre, as condicións de consumo e uso da auga e tendo especialmente en conta os grupos de poboación con maiores riscos para a saúde relacionados coa auga.

Con respecto ás tomas de mostras por parte dos operadores ou das xefaturas territoriais de sanidade, nos casos que se estime necesario, procederase do mesmo xeito que no caso de "situacións de incidencias".

## 5 PECHE DAS "SITUACIÓNS DE INCIDENCIAS" OU "SITUACIÓNS DE POSIBLE RISCO"

Logo de adoptar as medidas correctoras e/ou preventivas, e constatado que desapareceron as causas que deron orixe á incidencia, o operador, para o peche da incidencia, tomará as mostras de autocontrol que a xefatura territorial estime necesarias atendendo en todo caso aos mínimos legais (3 no caso de incidencias tipo O...). As mostras poden ser tomadas no mesmo punto de control ou, salvo para incidencias tipo AB, noutro punto representativo.

Se os valores atopados nestas mostras consecutivas se atopan dentro dos límites establecidos no anexo I ou IV do Rd 3/2023, o operador poderá solicitar o peche

da incidencia ás XXTT, para o que, xunto coa solicitude de peche da incidencia, comunicará os resultados obtidos e as medidas correctoras aplicadas. Esta comunicación realizarase á xefatura territorial correspondente, sempre polas mesmas vías que se empregaron para a comunicación das incidencias.

Adicionalmente, as XXTT poderán decidir realizar as mostraxes que estimen necesarias antes do peche da incidencia.

A XXTT correspondente valorará o peche da incidencia tendo en conta se desapareceron as causas que deron orixe á incidencia e o histórico do abastecemento, ademais dos últimos valores paramétricos atopados.

Trala comunicación do peche pola xefatura territorial, o *operador* informará ós consumidores, concellos de ser o caso, e outros operadores afectados, nun prazo non superior ás 24 horas dende a recepción da comunicación.

Non poderán pechase as situacións de incidencias ou situacións de posible risco, ata que a xefatura territorial correspondente así o estableza.

Finalizado o seguimento da incidencia, restablecerase a frecuencia do autocontrol, salvo disposición diferente da xefatura territorial correspondente. A incidencia quedará documentada nos rexistros do operador.